


Novembro 2017

Concurso de Traslados

Información da Orde do 24 de outubro de 2017 (DOG do 6 de novembro)
e as propostas defendidas pola CIG-Ensino na Mesa Sectorial

- Concurso de traslados (de ámbito galego aberto ao resto do Estado)
- Concurso específico ás xefaturas de orientación de primaria



PUBLICADO NO DOG DO 6 DE NOVIEMBRE DE 2017

**Presentación de solicitudes
DO 7 AO 27 DE NOVIEMBRE, AMBOS INCLUIDOS**

Información da Mesa Sectorial do 24 de outubro de 2017 na que se tratou o Concurso Xeral de Traslados publicado no DOG do 6 de novembro de 2017

Datos de interese

	Prazo participación	Reclamacións e renuncias (*)	Vacantes provisionais	Vacantes definitivas
CXT	15 días hábiles	10 días naturais	Antes 15/01/18	Antes 6/03/18
Orientación			Non existen	Coa convocatoria

(*) Estas datas son orientativas. Consulta as datas definitivas nas convocatorias publicadas no DOG

Novidades da convocatoria do CXT

A Consellaría permite que nesta convocatoria, que é de ámbito galego, participe profesorado con destino fóra de Galiza. A normativa de participación xa regula que cada dous anos o CXT ten carácter estatal, polo que a mobilidade do profesorado está perfectamente garantida. Os concursos a nivel autonómico están precisamente pensados para favorecer a mobilidade interna do profesorado con destino en Galiza. Neste sentido, temos que ter presente que nalgunhas especialidades hai un elevadísimo índice de provisionalidade, con docentes que levan máis

de 10 anos en expectativa. Por tanto, a Consellaría dificulta na práctica a “redistribución ou recolocación dos seus efectivos” fixada na normativa de concurso de traslados.

Só con carácter excepcional a CIG-Ensino defendeu no concurso do ano 2014 que se abriera o concurso debido, como é sabido, á suspensión do CXT do curso anterior.

No concurso 2016/17, de ámbito estatal, houbo 17 persoas do corpos de mestres que accederon desde fóra de Galiza e 43 dos corpos de secundaria. Non falamos de cifras elevadas, aínda que nalgunha

especialidades ten máis incidencia que noutras (9 de Lingua Castelá ou 7 de Inglés, por exemplo), mais hai que ter en conta que nese concurso tamén o profesorado con destino en Galiza tivo a opción de obter destino fóra, sendo un total de 41 mestras ou mestres de primaria e 32 docentes dos corpos de secundaria os que obtiveron destino fóra.

Por tanto, **a CIG-Ensino defendeu a súa posición de que o concurso de traslados respecte o seu ámbito.**

A administración non aceptou e mantivo o concurso aberto.

Propostas da CIG-ENSINO

Lingua

A CIG-Ensino demandou que todas as especialidades de todos os corpos teñan perfil lingüístico galego, co obxectivo de garantir que o profesorado teña as competencias necesarias para desenvolverse no noso idioma. Non é nin máis nin menos que o que a propia Consellaría esixe para superar unha oposición: ter un nivel CELGA 4. A día de hoxe só as especialidades de Infantil e de Primaria do Corpo de Mestres e de Historia e Bioloxía de Secundaria, así como todas as específicas da FP

teñen ese requisito. Esiximos a competencia no noso idioma en todas as materias. O profesorado non só imparte a súa materia, tamén accede a cargos directivos, ten función titorial ou imparte afíns. Por outro lado, nun concurso no que se ten en conta todo tipo de meritocracia, a CIG-Ensino propón que se valore como mérito a impartición de aulas en galego, tal e como recolle a convocatoria estatal para outros territorios.

Insistimos até en dúas ocasións sobre este tema non obtendo resposta por parte da administración.

Publicidade das vacantes

A Consellaría ten que introducir un cambio radical no referido á publicación de vacantes. Non se pode admitir ningunha escusa para que as vacantes provisionais non se coñezan dentro do prazo de participación. Tampouco hai razóns para que as vacantes definitivas non se coñezan antes de que remate o prazo de renuncias e de reclamacións.

A administración di que manterá aberta a posibilidade de recibir achegas ás vacantes dos dous concursos (Xeral e de Orientación) e que inten-

tará publicar as definitivas en prazo de renuncias. **Logramos o compromiso da Subdirección Xeral de Recursos Humanos de ter unha reunión previa á publicación das vacantes para a súa negociación.**

Sabemos que as Inspeccións tiñan instrucións de ter entregadas as previsións de vacantes antes do 15 de outubro. Tempo de abondo para negociar as coas organizacións sindicais e para publicalas o mesmo día que a convocatoria do concurso. Mais o certo é que a día 24 seguía faltando Pontevedra. Non estamos apurados polos prazos e, se é pre-

ciso, pódese demorar a publicación; queremos ter a seguridade de que as organizacións sindicais teñamos acceso ás propostas de vacantes, tempo para negociarlas e saber do resultado da negociación con suficiente antelación ao peche. O normal mesmo sería que todo o proceso fose previo á convocatoria e que puideran publicarse as dúas simultaneamente.

En relación ás convocatorias do CXT e do CEO, solicitamos que os **prazos** de participación deben ser os mesmos. Entendemos que tamén se deben unificar todas as datas, incluídos os prazos de renuncia e de

reclamación.

Debe facilitarse a posibilidade de **opción** entre os concursos. Reclamamos que a resolución definitiva de orientación sexa simultánea á adxudicación provisional do CXT e non como recollen no borrador do concurso de orientación de que, no caso de obter praza neste, decáese do CXT.

A Consellaría acepta que as resolucións provisionais do Concurso Específico de Orientación e do CXT coincidan no tempo, de forma que as persoas que concursan por ambos procedementos poidan elixir o destino máis conveniente.

Concurso específico de orientación (CEO)

A CIG-Ensinou denunciou estes últimos anos que a orientación e a atención á diversidade foron perdendo peso a medida que aumentou a obriga de compartir centros.

É preocupante que non coñecemos nin o deseño nin o mapa de orientación en Galiza. O último documento elaborado é do curso 2008/09. Estamos convencidos que desde entón non se estudou nada en absoluto, malia que esa era a escusa para non ofertar determinadas prazas a concurso. Non hai xustificación para que non saian todas as prazas dos centros con 12 unidades de infantil e primaria. A Consellaría está facendo unha interpretación restritiva pois só considera, con carácter xeral, unidades de Educación Primaria. Os centros de educación primaria e de educación infantil, segundo o propio decreto de Orientación, deben ter departamento de orientación, como recolle o documento de 2008 no que aparece a rede completa de Orientación. Como CIG-Ensinou continuamos a demandar que todos os centros de máis de 6 unidades teñan orientación a tempo total.

Despois de anos de espera seguimos sen haber unha negociación da rede de orientación e das prazas que se ofertan. Entendemos que a Consellaría non só debería indicar no anexo das prazas o centro compartido senón tamén os **centros adscritos**, xa que na práctica hai orientadoras e orientadores que teñen que atender 6 ou 7 centros.

Reclamamos que á hora de catalogar as prazas nos centros base se teña en conta a cantidade de alumnado e as distancias entre os centros. O número de unidades totais dos centros compartidos non pode ser o mesmo que se emprega para centros con orientación a tempo completo.

Reclamamos que se dea un prazo para negociar as prazas do concurso específico de orientación. Non se deben dar por definitivas as presentadas co borrador. A experiencia indica que non se fan correccións de erros posteriores aos anexos publicados na convocatoria. Instamos a que se faga en dous momentos, como no CXT: vacantes provisionais que todos os centros e o profesorado poidan coñecer e que as OO.SS.

poidamos negociar, e unha posterior publicación das definitivas. Somos partidarios de que as variacións sexan as mínimas, mais iso require un compromiso de negociación real por parte da Consellaría.

Debe esixirse a titulación en psicopedagogía, psicoloxía ou pedagogía como requisito e non como mérito. Sabemos que é algo limitado por un decreto que ficou obsoleto que precisa ser cambiado.

Ao respecto do Anexo III (posíbeis resultados) demandamos que todos os centros que actualmente contan con DO ou OC e non figuran nese Anexo sexan incorporados, permitindo que poidan saír todas as resultados.

Á vista do Anexo II (vacantes) temos claro que hai cambios na consideración de centros base e compartidos ao respecto do que aparece no Catálogo de postos de traballo. Hai casos de cambios na distribución dos centros compartidos ao respecto de como veñen funcionando desde hai anos e preocupáanos constatar que non existen criterios homoxéneos.

A Consellaría acepta negociar as vacantes nunha Mesa técnica.

Concurso xeral de traslados



Vacantes

A Consellaría sempre afirma que se ofertan as prazas do corpo de **mestres do 1º ciclo de ESO se hai demanda**. Pedimos que nas vacantes provisionais se publiquen todas as prazas deste colectivo con horario.

Unha vez máis esiximos unha **negociación real** de todas as vacantes. Vímolos demandando reiteradamente. Nas Xefaturas da Coruña e Pontevedra veñen conculcando o dereito a esta negociación e cando se produce é un mero intercambio de datos case sen incidencia na modificación da proposta inicial. Por tanto, esiximos que exista unha negociación real e que a Consellaría deixe de xogar agochando a súa responsabilidade entre a Dirección Xeral, as Xefaturas Territoriais e a Inspección.

Demandamos que se coñeza oficialmente o **cadro de persoal con destino definitivo** en todos os centros de secundaria, FP e réxime especial. O **sistema de cupo** é unha arbitrariedade e unha absoluta falta de transparencia. Malia que no corpo de mestres tamén hai ocasións en que as prazas catalogadas non se ofertan, o que desde a CIG sempre denunciámos, é obvio que é moito máis transparente a xestión das prazas que deben ser cubertas con

destino definitivo. A Consellaría debe pór fin ao elevado número de **persoal docente en expectativa, máis de 1.000 persoas**. Hai que garantir que todo o profesorado poida acadar un destino definitivo nun máximo de 2 anos desde que aprobou o proceso selectivo.

As prazas a ofertar deben ser todas as vacantes previstas até 31 de agosto de 2018 e non só até finais de decembro de 2017. **A Consellaría manterá o texto orixinal.**

Ao respecto dos postos de especial dificultade, solicitamos que todo o tempo traballado nos centros que se recoñezan agora poidan ser puntuados desde que se cumpriron os requisitos do posto de traballo (o centro pasou a ser unha unitaria, creouse unha aula específica de EE) e non desde a entrada en vigor da orde. Para iso xa adiantamos que só se precisa incluílo no texto da orde co novo anexo. **Tras a nosa reclamación a Consellaría acepta introducir este cambio e comprométese a publicar cada ano o Anexo cos centros e as unidades actualizado**

Insiste en que non se van puntuar os postos desempeñados nos centros que non sexan base.

No que ten a ver coa **atención á diversidade** preocupámonos que non

se acomoden os cadros de persoal á realidade dos centros. Hai IES nos que hai necesidade de profesionais de AL e non se crean esas prazas no catálogo. Hai tamén centros que levan anos con segundas prazas provisionais de PT ou AL, a maiores dos postos de escolarización preferente, e que obrigan a unha revisión dos criterios para fixar esas prazas no catálogo. Hai melloras importantes que facer nos cadros de persoal do corpo de mestres. Todo o relacionado coa atención á diversidade é a día de hoxe o máis urxente.

A administración non acepta catalogar prazas de AL nos IES, pero di que si aceptaría novas prazas de PT con carácter definitivo de velas necesarias.

Comisión de avaliación

Demandamos que sexa elixida por sorteo entre todo o profesorado de Galiza e non só de Compostela. Cando menos debe estenderse máis o ámbito, porque senón hai moitas posibilidades de que o profesorado repita. Non entendemos que a presidencia teña que recaer na inspección e defendemos que sexa un ou unha docente por sorteo. Tamén solicitamos que os membros das comisións sexan substituídos desde o primeiro día nos centros.

Baremo

Reclamamos que sexa público o baremo de todo o mundo. **A administración acepta e di que o publicarán o mesmo día que a resolución provisional do CXT.**

Que se recollan as datas de puntuación de baremación e de adxudicacións provisionais e definitivas.

Habería que avanzar ao respecto da consideración dos anos de servizo e reducir a **meritocracia** en certos aspectos: está sobredimensionada a puntuación de cargos directivos que, como mínimo, debería ser consumíbel. Mentres esta se mantéña, debe incrementarse a que ten que ver co desempeño doutros cargos (agora só 5 puntos, fronte aos 20 por cargo directivo), reforzando o papel da función docente e non só, como é agora, o da xestión. Unha directora acada 20 puntos en 5 anos, un xefe de estudos precisa 8 anos para chegar a eses 20 puntos. Un titor, un xefe de departamento, unha coordinadora só poden sumar 5. Non hai nada que impida na normativa base do Real Decreto que a Consellaría levante a limitación para o apartado 4.3 (outras funcións docentes). **A Consellaría non acepta levantar o tope de puntuación neste apartado.**

Pensamos que tamén se debería dar o paso de puntuar a substitución de cargos directivos, a coordinación de ciclos ou xefaturas de departamentos. É un aspecto totalmente discriminatorio e inxusto. **A Consellaría non acepta.**

Solicitamos que a puntuación para o CXT dos postos de especial dificultade sexa desde que se está neles e non desde a modificación dos anexos da orde. **A Consellaría acéptao.**

Sobre a **modificación da puntuación** hai que mellorar a redacción no artigo 4. Debe dicir “poderá renun-

ciar á puntuación total dunha ou das dúas epígrafes”.

Apartado 1.2. (antigüidade no corpo). Consideramos que é discriminatorio que o profesorado de linguas do corpo de PES que impartiu obrigatoriamente nas EOI non se lle puntúe debidamente.

Responsábeis de centros de menos de 3 unidades. Que se cree unha nova tipoloxía de centros de tres unidades para que se teña en conta a puntuación que lles corresponde ás persoas responsábeis. **A administración non o acepta.**

Apartado 3: que se recolla a puntuación do nivel básico das EOI e o Grao elemental de música. **Non aceptan.**

Apartado 3.1.2. (mestrados): que se computen os mestrados propios nas universidades públicas. Que se aclare que puntúan todos os mestrados e non só un. **A administración seguirá puntuando só un mestrado.**

Apartado 3.1.3. (DEA): debería ter a mesma puntuación cós mestrados, pois están equiparados.

Apartado 4.3. (outras funcións docentes): recoller as coordinacións do grao elemental de Conservatorio e a responsabilidade de calidade dos centros nos que exista tal figura e que cada vez é máis frecuente.

Apartados 6.1 e 6.3. (publicacións e méritos artísticos e literarios). Na disposición complementaria sétima faise referencia aos criterios de valoración da orde de 2010 que deben ser recollidos expresamente. Sabemos que aparecen na circular, pero tamén figuran outras cousas que previamente aparecen na orde.

Reiteramos que hai que buscar unha solución para as publicacións feitas no estranxeiro porque se non

teñen Depósito Legal ou ISBN non se puntúan Non parece axeitado excluílas. Tampouco se valora a elaboración do material do proxecto Abalar.

Incluír neste apartado os **méritos de Arte Dramática e Audiovisuais.**

Apartado 6.2. (premios e participación en proxectos de innovación) debe volver a esta comisión de baremación porque ten o suficiente nivel de subxectividade como para facelo. A Consellaría incluíu na Circular do pasado concurso os criterios, mais aínda así, e no que ten a ver coa investigación e a innovación entendemos que debe formar parte da encomenda da Comisión.

Apartado 6.4. (servizos prestado á Administración) Debe eliminarse do baremo así como a puntuación pola condición de catedrático/a.

Apartado 5. (formación): que se explicita que se van ter en conta as actividades de contidos de lingua e de cultura galega.

Apartado 6.5. (participación nos tribunais). Non parece axeitado que se considere esta puntuación a quen ocupou a presidencia, porque foi a dedo. Que sexa igualmente a sorteo para que se lle poida ter en conta. **Seguirán facendo como até agora, puntuando a todos por igual.**

Apartado 6.6. (titorías de mestrados): xa que se puntúan débese regular o acceso a elas nos propios centros para que, se hai varias persoas que queiran acceder a esa situación, todas poidan ter ese dereito.

A administración segue sen dar unha resposta clara á nosa exixencia de que se elimine toda a puntuación subxectiva e bota balóns fóra ao atribuírle este cambio a unha negociación a nivel ministerial.

Datos de interese relativos ao concurso

Profesorado de ensino secundario

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo praza en 2017	Prazas ofertadas en 2017	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionario en prácticas neste curso
590001	Filosofía	83,4994	3	33	4	0
590002	Grego	65,9494	1	5	1	0
590003	Latín	34,6998	4	0	1	0
590004	Lingua Castelá e Literatura	0,0000	38	28	3	50
590005	Xeografía e Historia	0,0000	34	40	0	51
590006	Matemáticas	23,6875	33	95	3	66
590007	Física e Química	43,9494	18	35	1	46
590008	Bioloxía e Xeoloxía	18,133	17	42	2	30
590009	Debuxo	62,3614	9	28	4	0
590010	Francés	59,4161	8	43	7	0
590011	Inglés	57,2992	32	142	7	50
590012	Alemán	sen adx	1	0	0	0
590316	Música	88,7662	3	47	10	0
590217	Educación Física	40,9998	11	40	4	23
590118	Orientación Educativa	0,0000	54	0	1	0
590019	Tecnoloxía	55,933	12	49	4	0
590053	Lingua e Literatura Galega	58,8326	26	63	5	49
590061	Economía	36,116	8	0	1	0
590101	Administración de Empresas	34,1658	7	0	0	0
590102	Análise e Química Industrial	74,6328	11	0	0	15
590103	Asesoría E Procesos De Imaxe Persoal	sen adx	9	0	0	10
590104	Construcións civís e Edificación	sen adx	0	2	0	0
590105	Formación e Orientación Laboral	0,0000	26	15	1	0
590106	Hostalería e Turismo	0,0000	17	0	0	15
590107	Informática	62,8498	3	39	0	0
590108	Intervención Sociocomunitaria	0,0000	18	0	0	0
590110	Organización E Xestión Comercial	43,2913	4	0	0	0
590111	Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	sen adx	10	0	0	0
590112	Organización E Proxectos De Fabricación Mecánica	sen adx	5	0	0	7
590113	Organización E Proxectos Sistemas Enerxéticos	sen adx	10	0	0	0
590115	Procesos de Produccion Agraria	sen adx	0	6	0	0
590116	Procesos Na Industria Alimentaria	sen adx	10	0	0	0
590117	Procesos de Diagnóstico Clínico e Productos Ortoprotésicos	49,2727	4	0	0	0
590118	Procesos Sanitarios	149,2666	8	0	0	0
590119	Procesos e Medios de Comunicación	sen adx	7	0	0	0
590120	Procesos e Productos de Textil, Confección e Pel	sen adx	4	0	0	0
590122	Procesos e Productos de Artes Gráficas	sen adx	2	0	0	0
590123	Procesos e Productos de Madeira e Moble	sen adx	3	0	0	0
590124	Sistemas Electrónicos	43,7331	2	2	0	0
590125	Sistemas Electrotécnicos E Automáticos	64,0621	6	0	0	0

Profesorado técnico de formación profesional

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo praza en 2017	Prazas ofertadas en 2017	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionariado en prácticas neste curso
591201	Cociña E Pastelaría	0,0000	8	6	0	10
591202	Equipamentos Electrónicos	49,4492	5	0	0	16
591203	Estética	sen adx	5			
591204	Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble	sen adx		8	0	0
591205	Instalacións e Mantemento de Equipos Térmicos e Fluídos	43,3166	7	0	0	0
591206	Instalacións Electrotécnicas	0,0000	11	13	2	0
591208	Laboratorio	165,5828	5	0	0	14
591209	Mantemento De Vehículos	40,7994	2	18	0	18
591211	Mecanizado E Mantemento De Máquinas	0,0000	13	5	0	0
591212	Oficina de Proxectos de Construción	sen adx	0	1	0	0
591214	Operacións e Equipos de Elaboración de Productos Alim.	sen adx	6			
591218	Perrucaría	74,6664	7	0	0	0
591219	Procedementos De Diagnóstico Clínico E Ortoprotésico	168,1666	3	0	0	0
591220	Procedementos Sanitarios e Asistenciais	139,4492	11	0		0
591221	Procesos Comerciais	sen adx	5	0	0	0
591222	Procesos de Xestión Administrativa	94,3328	9	0	0	0
591223	Produción de Artes Gráficas		3	0	2	0
591225	Servizos á Comunidade	0,0000	22	0	0	0
591226	Servizos de Restauración	sen adx	4	0	0	0
591227	Sistemas e Aplicacións Informáticas	0,0000		22	0	20
591228	Soldadura	sen adx		3	0	0
591229	Técnicas e Procedementos De Imaxe E Son	sen adx	7	0		0

Profesorado de música e artes escénicas

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo praza en 2017	Prazas ofertadas en 2017	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionariado en prácticas neste curso
594401	Acordeón	28,733	2	0	0	0
594403	Canto	Sen adx	1	0	0	0
594404	Clarinete	28,2332	0	0	0	0
594405	Clave	Sen adx	2	0	0	0
594406	Contrabaixo	Sen adx	2	0	0	0
594408	Fagot	Sen adx	2	0	0	0
594410	Frauta travesa	Sen adx	0	2	0	0
594411	Frauta de bico	Sen adx	1	0	0	0
594412	Fundamentos da composición	Sen adx	0	2	0	0
594413	Gaita galega	Sen adx	4	0	0	0
594414	Guitarra	Sen adx	3	0	0	0
594416	Historia da música	51,333	1	1	0	0
594419	Oboe	64,0832	1	0	0	0
594422	Percusión	Sen adx	0	1	0	0
594423	Piano	54,3332	1	0	0	0
594428	Trompeta	Sen Adx	0	1	0	0
594431	Viola	Sen adx	1	0	0	0
594433	Violín	Sen adx	0	2	0	0

Profesorado de escolas oficiais de idiomas

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo praza en 2017	Prazas ofertadas en 2017	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionario en prácticas neste curso
592001	Alemán	71,6244	2	0	0	0
592011	Inglés	51,733	13	0	0	0
592015	Portugués	Sen adx	1	0	0	0

Profesorado de artes plásticas e deseño

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo praza en 2017	Prazas ofertadas en 2017	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionario en prácticas neste curso
595508	Debuxo Técnico	Sen adx	1			
595510	Deseño de Moda	Sen adx	1			
595512	Deseño Gráfico	Sen adx	5			
595515	Fotografía	Sen adx	1			
595516	Historia da Arte	Sen adx	1			
595522	Medios Informáticos	Sen adx	1			
595525	Volume	Sen adx	1			

Mestres/as




Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo praza en 2017	Prazas ofertadas en 2017	Profesorado expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido CADP (1)	P. desprazado e suprimido CXT (2)	Funcionario en prácticas este curso
597021	Ciencias Sociais: Xeografía e Historia	136,2623	3	0	0	0	0
597023	Matemáticas	Sen adx	0	0	0	0	0
597024	Lingua Castelá e Literatura	Sen adx	0	0	0	0	0
597031	Educación Infantil	0,0000	115	35	46	42	50
597032	Idioma Estranxeiro: nglés	11,5328	37	62	10	8	45
597033	Idioma Estranxeiro: Francés	0,0000	132	0	5	1	20
597034	Educación Física	0,0000	59	0	2	5	35
597035	Música	0,0000	83	0	0	1	35
597036	Educ.Especial: Pedagogía Terapéutica	28,4842	18	109	17	14	80
597037	Educ.Especial: Audición e Linguaxe	32,433	14	144	13	13	70
597038	Primaria	33,6664	245	111	14	73	65
597060	Educación Especial: Pedagogía Terapéutica	28,1484	9	0	0	6	0

(1) Datos extraídos da orde que resolve o Concurso Xeral de Traslados do curso 2016/2017. Especialidade pola que foron suprimidos/as.

(2) Datos extraídos da orde que resolve o CADP do curso 2017/2018. Especialidade pola que foron adxudicados/as de xeito provisional para este curso.

Tede en conta que os suprimidos/as e/ou desprazados/as poden pedir prazas no concurso de todas as especialidades das que sexan titulares ou estean habilitados/as.






Lembra que...

-  O feito de cubrir a instancia a través da internet non exige da obrigatoriedade de presentala por escrito.
-  As solicitudes do concurso poden presentarse nas secretarías dos centros.
-  As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán facelo aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva.

Mestres/as en expectativa por ano de oposición

		2008	2010	2011	2013	2015	2016	Total
597031	Educación Infantil	0	0	0	0	0	35	35
597032	Inglés	0	0	0	2	6	55	61
597033	Francés	0	0	0	0	0	0	0
597034	Educación Física	0	0	0	0	0	0	0
597035	Música	0	0	0	0	0	0	0
597036	Pedagogía Terapéutica	0	0	0	14	39	56	109
597037	Audición e Linguaxe	0	4	0	36	52	56	148
597038	Primaria	1	10	37	0	26	38	112

Outras cuestións xerais

-  Reclamamos que a aplicación informática funcione ben desde o primeiro día e que se dá erro se amplíe o prazo. *A Consellaría acepta.*
-  Solicitamos que se poidan pedir 500 destinos en todos os corpos e non só no de mestres. *Non se acepta.*
-  Pedimos que o profesorado desprazado non teña que concursar se hai profesor ou profesora nacida antes de 1957 (60 anos). A proposta da Consellaría só o permite cando hai menores de 63 anos. *A administración non vai facer cambios.*
-  Reclamamos que as prazas plurilingües non saian a concurso pois son un mecanismo anormal para mellorar a colocación e adquirir unha praza definitiva. *A administración non vai realizar cambios.*
-  Pedimos que non se adjudique de oficio en prazas itinerantes nin con perfil bilingüe. A colocación de oficio debería estar limitada á especialidade pola que se opositou. *Confírmase que non sairán prazas itinerantes.*

Baremo do Concurso de Orientación

7. Outros méritos relacionados co posto:

SUBAPARTADO	PUNTUACIÓN E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
7.1. Por ter a habilitación/especialización en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe	2 puntos por especialidade Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos
7.2 Coordinación de departamentos de orientación nun centro	2 puntos por ano As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos
7.3. Por cada ano de servizo na especialidade de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe	1 punto por ano As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo Nomeamento e cesamento correspondente
7.4 Anos de servizo activo nos EPSA ou nos EOE ou no Gabinete Psicopedagóxico da Consellaría	2 puntos por ano As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo Nomeamento e cesamento correspondente

Baremo a aplicar no

1. Antigüidade

1.1. Antigüidade no centro

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
1.1.1. Permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro	
Primeiro e segundo anos	2 puntos/ano
Terceiro ano	4 puntos
Cuarto ano e seguintes	6 puntos/ano
1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade	2 puntos
1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro de especial dificultade	2 puntos

1.2. Antigüidade no corpo

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
1.2.1. Servizos efectivos como persoal funcionario no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante	2 puntos/ano
1.2.2. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes do mesmo ou superior subgrupo	1,5 puntos/ano
1.2.3. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes de subgrupo inferior	0,75 puntos/ano

2. Pertenza aos corpos de catedráticos/as

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
Por ser funcionario/a de carreira dos corpos de catedráticos de secundaria, música e artes escénicas, escolas oficiais de idiomas e artes plásticas e deseño	5 puntos

3. Méritos académicos (max. 10 puntos)

3.1. Doutoramento, posgraos e premios e extraordinarios

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
3.1.1. Título de doutor	5 puntos
3.1.2. Título universitario oficial de máster distinto do requerido para o ingreso na función pública (polo menos 60 créditos)	3 puntos
3.1.3. Suficiencia investigadora ou diploma de estudos avanzados	2 puntos
3.1.4. Premio extraordinario de doutoramento, licenciatura ou grao, ou no caso das titulacións dos conservatorios, mención honorífica no grao superior	1 punto

3.2. Outras titulacións universitarias

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
3.2.1. Titulacións de grao	5 puntos
3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo	3 puntos
3.2.3. Titulacións de segundo ciclo	3 puntos

3.3. Titulacións de ensinanza de réxime especial e da FP

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa	4 puntos
Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa	3 puntos
Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa	2 puntos
Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa	1 punto
Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de FP	2 puntos
Por cada título profesional de música e danza	1,5 puntos

4. Cargos directivos e outras funcións (max. 20 puntos)

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
4.1. Director/a	4 puntos /ano
4.2. Vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a	2,5 puntos/ano
4.3. Outras funcións docentes Por cada ano como coordinador/a de ciclo, do proxecto Abalar, de centro plilingüe, de sección bilingüe, de auxiliares de conversa, responsable/ coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares, das dinamizacións das TIC, de biblioteca, da convivencia escolar, da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, do ENDL, da FCT, do bacharelato internacional, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor AMTEGA, asesor/a Abalar, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería de Cultura ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función titorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE. As fracción de ano computarase a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	(ata 5 puntos) 1 punto/ano

5. Formación e perfeccionamento (max. 10 puntos)

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
5.1. Actividades de formación superadas Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo ao que pertenza o/a participante, ás prazas ou postos aos que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as administrativas educativas das Comunidades Autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Até 6 puntos
5.2. Impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas no 5.1. Puntuarase con 0,1 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditadas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Até 3 puntos
5.3. Por cada especialidade da que se sexa titular do corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso no mesmo	1 punto

Concurso de Traslados

6. Outros méritos (max. 15 puntos)

6.1. Publicacións (até 8 puntos)

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, de 2 de novembro modificado polo Real Decreto 2063/2008 de 12 de decembro ou, no seu caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en as que o autor sexa o editor das mesmas.

Para a valoración destas publicacións deberánse presentar os documentos justificativos coas esixencias indicadas na convocatoria.

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	Até 8 puntos
Autor	Até 1 pto
Coautor	Até 0.5 pto
3 autores	Até 0.4 pto
4 autores	Até 0.3 pto
5 autores	Até 0.2 pto
Máis de 5 autores	Até 0.1 pto
b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	Até 0.2 pto
Coautor	Até 0.1 pto
3 ou máis autores	Até 0.05 pto
<p>DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</p> <p>- No caso de libros, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas. * Certificado da editorial onde conste: Título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data primeira edición, o número de exemplares e que a difusión dos mesmos foi en librerías comerciais. En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en librerías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesorado, institucións culturais, etc.) Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito. - No caso de revistas, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas * Certificado no que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.) - No caso de documentos en formato electrónico, para seren valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indícanse ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es, data da publicación e depósito legal.</p>	

Disposición complementaria primeira

A TER EN CONTA
Os méritos alegados polas persoas participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes

6.2. Premios en investigación ou innovación (máx. 2,5 puntos)

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Por premios de ámbito galego, estatal ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación, ou pola participación nestes proxectos.	Até 2,5 puntos
DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	
A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes, ou ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola administración educativa correspondente.	

6.3. Méritos artísticos e literarios (máx. 2,5 puntos)

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
	Até 2,5
- Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito galego, estatal ou internacional.	No caso dos premios: certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome dos/as premiados/as, o seu ámbito e a categoría do premio.
- Por composicións estreadas como autor ou gravacións con depósito legal.	No caso das composicións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o auto/ar e o seu depósito legal.
- Concertos como director, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...)	No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o autor/a ou intérprete e o seu depósito legal. No caso dos concertos: programas onde conste a participación do/a interesado/a e certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como director, solista ou solista con orquestra/grupo.
- Por exposicións individuais ou colectivas.	No caso de exposicións: programas onde conste a participación do/a interesado/a e certificación da entidade organizadora.

6.4. Postos administración educativa

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Por cada ano de servizo desempeñado postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa. (A fracción de ano computarase 0,12 por mes)	1,5 puntos

6.5. Membros de tribunais

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Membro de tribunal dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes a que se refire a LOE.	0,25 puntos/ano

6.6. Tutorización de alumnos

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Titoría das prácticas do título universitario oficial de máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica esixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como pola titoría das prácticas para a obtención dos títulos universitarios de grao que o requiran.	0,1 puntos/ano

Acércate por calquera dos nosos locais con calquera dúbida que poidas ter á hora de concursar.

www.cig-ensino.gal



Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acornha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358750
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasertería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal